

Convocatoria dun premio para unha *startup* ou *spin-off* da Universidade da Coruña no marco do programa “Santander X Spain Award/ Startup Universitaria 2026” para o curso 2025/26

CANDIDATURA GAÑADORA

Unha vez rematada a Fase 3 de selección dun proxecto gañador por un xurado, na convocatoria dun premio para unha *startup* ou *spin-off* da Universidade da Coruña (UDC) no marco do programa “Santander X Spain Award/ Startup Universitaria 2026” para o curso 2025/26, procédese a publicar o nome da candidatura gañadora.

De acordo con a Resolución reitoral do 23 de febreiro de 2026 pola que se establecen as bases reguladoras da concesión dun premio económico, o proxecto gañador recibirá un premio de catro mil euros (4000 €), destinado ao desenvolvemento da solución emprendedora presentada. A UDC abonará o importe do premio mediante ingreso nunha conta aberta a nome da *startup* ou *spin-off*.

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase presentar un recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, ante o Xulgado competente do Contencioso-Administrativo, de acordo co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Tamén se poderá presentar, de maneira opcional, un recurso de reposición ante o reitor, no prazo dun mes, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O reitor
PD (RR 10/07/2024)
O vicerreitor de Investigación e Transferencia



CANDIDATURA GAÑADORA

Nome e Apelidos; *Startup* ou *spin-off*

Florian Guy Bernard Michaud; Motion and Force Engineering Solutions, SL